

Espazo FEE



A REVISTA DA FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA



Información Mestrados Curso 2013-2014

**Bitcoin, solución ao descontrol financeiro ou unha
disparatada idea**

Desenvolvemento do talento

Pon 'português' no teu CV

Editorial

Queremos comezar este editorial lembrando o prof. **Dr. D. José Luis Sampedro**, catedrático de Estrutura Económica, falecido hai unhas semanas. Todos os que nos formamos nas facultades de Economía e Empresa temos unha débeda, sobre todo, de gratitude cunha persoa que entregou a súa vida á Universidade e ao servizo público, e que entendía que a economía debía ser un medio para mellorar as condicións de vida do ser humano e nunca un deus sen misericordia ao que sistemática e inexorablemente debemos facer sacrificios para acadar unha metas tan inintelixibles coma inxustas para o común dos mortais.

Este ano celebramos na Facultade a festividade académica de San Vicent Ferrer. Este tipo de actos lembran que formamos parte dunha institución varias veces centenaria: a Universidade –así con maiúsculas-. A nosa institución afunde as súas raíces na Idade Media nun momento de crise caracterizado polo nacemento das cidades e de novas maneiras de ver e de comprender a realidade. Foi precisamente naquel momento, cando San Vicent Ferrer —nado en Valencia en 1350 e finado en Vannes en 1419— desenvolveu a súa actividade. Con

todas as contradicións que podería criticar un observador do século XXI, foi San Vicent Ferrer un home do seu tempo: predicador dominicano de grande éxito —hoxe diríamos que sería un comunicador social ou líder de opinión—, que tomou partido e participou activamente na política do seu tempo (tanto nos problemas dinásticos da Coroa de Aragón como na resolución do Cisma de Occidente entre as sés pontificias de Roma e Aviñón). *En definitiva, un home implicado e comprometido, non só preocupado, cos problemas do momento que lle tocou vivir.* Permitídemme salientar, por tanto, tres características que un economista de hoxe pode tomar dunha personalidade tan complexa como a do noso patrón: preocupación polos problemas da sociedade, implicación na resolución deses problemas e capacidade para explicar desde as conviccións propias as solucións propostas.

É preciso reflexionar, no noso tempo, sobre o papel da Economía e dos economistas na sociedade. Talvez cumpra lembrar que non abonda con progresar só desde o punto de vista económico e tecnolóxico, senón que o desenvolvemento precisa ser ante todo auténtico e integral. Neste sentido, o

primeiro capital que se ha de coidar e valorar é o home e a muller, pois o ser humano debe ser o autor, o centro e o fin de toda a vida económico-social. Hoxe en día, parece que se confunden os medios cos fins e, aínda peor, a ética dos medios coa ética dos fins. Isto pode levarnos a caer nunha caste de maquiavelismo económico onde os fins xustifican os medios empregados, malia que iso supoña condenar á exclusión persoas, colectivos, países ou continentes enteiros.

Hai quen afirma que é preciso recuperar a importancia de materias como a Economía Política e a Historia do Pensamento Económico, para que os futuros economistas, que hoxe se están a formar nas nosas facultades, sexan conscientes de que as “técnicas” que adoitamos empregar nin son neutrais nin carecen de repercusións ou contraindicacións non desexadas sobre o corpo social ou sobre a empresa. Neste sentido, un economista —do mesmo xeito ca un xurista, un médico, un enxeñeiro, un físico, un mestre ou filólogo— sen valores nin referentes pode xerar danos irreparables ao conxunto da sociedade, sobre todo cando tenta xustificar as súas decisións como as únicas posibles desde o punto de vista técnico.

O Sistema Nacional de Innovación de Uzbekistán

Actualmente o sistema nacional de innovación de Uzbekistán está en estado embrionario. Pero non hai dúbida de que o coñecemento e o potencial intelectual das persoas dos países en vías de desenvolvemento é clave para desenvolver os recursos do país, estando o futuro de Uzbekistán apoiado neste principio.

E dado que non hai coñecemento sen formación, o goberno de Uzbekistán ten un dos orzamentos máis altos en educación, non só comparado cos países de Asia Central, senón incluso en comparación con Europa. O PIB de Uzbekistán creceu unha media do 10% nos últimos cinco anos e a área de educación recibiu aproximadamente o

50% do orzamento estatal. Máis do 70% do gasto público en educación é investido na educación xeral secundaria e formación profesional, o que contribúe a unha maior formación en todo o país.

Ademais da cualificación profesional, a posta en marcha da “economía do coñecemento” é inconcibible sen a creación dunha infraestrutura completa e innovadora para asegurar unha relación frutuosa entre o sector privado e a ciencia, que debe coexistir harmoniosamente coa economía, contribuíndo á creación de produtos innovadores con alto valor engadido, reforzando a competencia do país en mercados globais e aumentando a prosperidade

e o nivel de vida dos seus cidadáns.

Outro aspecto importante para o progreso de Uzbekistán é analizar como se financia a innovación na industria occidental, para isto é necesario estudar a experiencia global e identificar as principais tendencias dos mecanismos financeiros da innovación en Europa.

*Francisco Jesús Ferreiro Seoane
Departamento de Análise Económica e
Administración de Empresas. UDC*

*Ravshan Khaydarov
Departamento financeiro do Instituto
Tecnolóxico de Dublín*

Información económica en lingua galega

Logo daqueles dous anos de sucesivas desaparicións de cabeceiras e portais informativos en lingua galega –lembre-mos aquel xullo de 2010 cando coa desaparición de *Vieiros*, á que lle seguiría meses despois a versión impresa do *Galicia Hoxe*–, e todo o construído pareceu comezar a esborrallarse, 2012 foi o da certa recuperación do espazo mediático para a lingua galega. Proxectos como *Sermos Galiza* ou *Praza Pública* foron os últimos en se uniren á pléiade de medios de comunicación de ámbito local-comarcal xa existentes (*Quepasanacosta*, *Crónica3...*), sen esquecer outros proxectos impresos ou electrónicos (*De luns a venres*, *Tempos*, *galiciaconfidencial.com*), que teñen o galego como lingua de expresión e que tan meritoriamente, nuns tempos convulsos e de incertezas para o propio xornalismo en canto profesión e proxecto empresarial, materializan a vontade como pobo de existirmos e de dispormos de medios propios.

Un deses novos proxectos que viu a luz recentemente é a versión en lingua galega e feita desde Galicia do portal de información económica *Economía Digital* (www.economiadigital.es/gl). Xusto cando semella que as novas económicas inzan os titulares e as grellas de (tele)xornais, cando termos como *reestruturación financeira*, *prima de risco* ou *accións preferentes* deixan de circular só por ámbitos técnicos para formaren parte xa do léxico común con que os altofalantes mediáticos se dirixen a nós día tras días, é de celebrar podermos contar cun medio especializado que empregue a lingua galega, dando conta da actualidade económica máis próxima e que máis directamente nos afecta (sector financeiro galego, tecido produtivo, infraestruturas...), mais sen perder de vista o marco global en que aquela se insire.

Servizo de Normalización
Lingüística da UDC



Desenvolvemento do talento

O talento é unha manifestación da **intelixencia emocional**. Está caracterizado por actitudes e habilidades que sinalan a superioridade dunhas persoas por riba das outras. Pode ser herdado (latexa no mesmo individuo e necesita un desenvolvemento adicional) ou aprendido (e, co tempo, pode converterse nunha verdadeira paixón).

Nos tempos difíciles que estamos a vivir, o desenvolvemento do talento é unha obriga para poder sobresaír en calquera actividade, pois non son só os coñecementos académicos nin o cociente intelectual os que marcan as diferenzas entre os que triunfan e os que non o fan, senón un conxunto de competencias que configuran a nosa personalidade composta de emocións e razón. *As emocións móvennos e a razón guía nos, ou debería.*

Os universitarios que buscan emprego, singularmente nestes momentos de incertezas e dificultades, teñen que espertar o seu “xenio real”, a súa enerxía potencial, é dicir, o **talento**.

Este aniña dentro de cada un - sempre vinculado aos puntos fortes – e resulta esencial nos procesos de selección e no posterior desenvolvemento profesional. Porén, dedicamos a maior parte do noso tempo a non ser *analfabetos culturais* e impórtanos ben pouco non ser *analfabetos emocionais*, coas limitacións que iso supón.

Hoxe, moitos dos candidatos a un posto de traballo veranse forzados a *pescaren en caladoiros doutros países*, polo que terán que aprender a *pensar en global nun mundo global*, e a competir con xente de fóra que tamén anda na procura do mesmo obxectivo. Esta situación, inesperada hai poucos anos, obriga máis que nunca, á aprendizaxe de idiomas e a pór o acento nas seguintes áreas vinculadas a actitudes, base do talento.

Enfoque dos problemas: pensamento crítico, propostas creativas coa súa aplicación innovadora. *Ollando para ver e escoitando para oír.*

Colaboración: traballo en equipo,

aproveitamento da diversidade e do *networking*.

Relacións: empatía, comunicación, capacidade de convencemento e ética.

Proactividade: adiantarse aos acontecementos e paixón en todo.

Xa sabemos que todo isto non se acaba nun día, nin soamente co desexo: a vontade e o esforzo por mellorar no campo das actitudes (competencias emocionais) é un labor de tempo. Para moitos pode supor un cambio non doado no seu xeito de vida, porque o talento encárnase na vida mesma. Mais cómprenos subliñar que se atopa sempre detrás das persoas imprescindibles, ou mellor dito, daquelas das que é difícil prescindir; algo que todos deberiamos pretender.

E aínda hai xente que pensa que o talento é cuestión de sorte, cando é ao revés: *É a sorte a que é cuestión do talento!*

Miguel Bello
SECOT

Información Básica MESTRADOS CURSO 2013-2014

MESTRADO UNIVERSITARIO EN **BANCA E FINANZAS**

Coordinador: Profª. Dra. Doña Begoña Álvarez García
E-mail: balvarez@udc.es
Extensión: 2560

MESTRADO UNIVERSITARIO EN **XESTIÓN E POLÍTICAS PÚBLICAS**

Coordinador: Prof. Dr. D. Iván López Martínez
E-mail: ivanlm@udc.es
Extensión: 2566

MESTRADO UNIVERSITARIO EN **CONTABILIDAD SUPERIOR E AUDITORÍA DE CONTAS** (en proceso de verificación)

Coordinador: Prof. Dr. D. Fernando Ruíz Lamas
E-mail: fruiz@udc.es
Extensión: 2551

MESTRADO UNIVERSITARIO EN **DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS** (en proceso de verificación)

Coordinador: Prof. Dr. D. Rafael García Rodríguez
E-mail: rgarcia@udc.es
Extensión: 2530

Requisitos de acceso

Cómpre posuír o título de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a, diplomado/a ou graduado/a ou estranxeiro equivalente.

Importante: Os solicitantes do Sistema Universitario Español deberán cumprir os requisitos de acceso no momento de se publicar a lista definitiva para formalizar a matrícula, sen prexuízo de ter cumprido os requisitos de admisión.

A comisión de selección e admisión establecerá os criterios e procedementos de admisión. Entre estes poderían considerarse: expediente académico; experiencia profesional; idiomas; entrevista persoal, etc.

INFORMACIÓN DE UTILIDADE

PREZO: O prezo aproximado do crédito ECTS é de 22 euros (referenciado curso 2012/13). Pendente de revisión pola Xunta de Galicia.

Posibilidade de pagamento fraccionado (50% coa matrícula, 30% en decembro e 20% en febreiro).

Sitio web para preinscrición on line: <https://matricula.udc.es/preinsMaster/identif.asp>

Formulario para preinscrición na Facultade: http://www.udc.es/export/sites/udc/galeria_down/ensino/mestrados/formularios/inscripcionm.pdf

CALENDARIO DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA DOS MESTRADOS UNIVERSITARIOS

1º PRAZO (xuño-xullo de 2013)

24 xuño – 8 xullo	Preinscrición
12 xullo	Publicación listaxe provisoria
12 – 16 xullo	Reclamacións
19 xullo	Publicación listaxe definitiva
20 – 24 xullo	Matrícula

2º PRAZO (agosto-setembro de 2013)

19 agosto - 3 setembro	Preinscrición
6 setembro	Publicación listaxe provisoria
6 – 10 setembro	Reclamacións
13 setembro	Publicación listaxe definitiva
14 – 18 setembro	Matrícula

3º PRAZO (setembro-outubro de 2013)

23 setembro – 1 outubro	Preinscrición
4 outubro	Publicación listaxe provisoria
4 – 7 outubro	Reclamacións
9 outubro	Publicación listaxe definitiva
10 – 14 outubro	Matrícula

CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2013/2014

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 2 de setembro de 2013 ao 31 de xullo de 2014

Primeiro cuadrimestre: desde o 9 de setembro de 2013 ao 20 de decembro de 2013

Segundo cuadrimestre: desde o 28 de xaneiro de 2014 ao 16 de maio de 2014

Datas de avaliación		Data límite de sinatura e entrega de actas
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 8 ao 24 de xaneiro de 2014	7 de febreiro de 2014 21 de febreiro de 2014 para as actas do TFG e TFM
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 19 de maio ao 6 de xuño de 2014	17 de xuño de 2014 4 de xullo de 2014 para las actas del TFG e TFM
2ª oportunidade	Do 1 ao 18 xullo de 2014	28 de xullo de 2014 23 de setembro de 2014 para as actas do TFG e TFM

As datas de avaliación dos TFG e TFM serán fixadas polo centro respectando en todo caso as datas límites de sinatura e entrega de act.

Mestrado Universitario en Xestión de Políticas Públicas

A quen vai dirixido?

A titulados universitarios e a profesionais da Administración ou relacionados con ela que desexen ampliar e actualizar a súa formación no ámbito da xestión pública. Terán preferencia de ingreso no MXPP os titulados da rama xurídico-social sobre os doutras titulacións.

Que obxectivos persegue?

- Proporcionar os coñecementos e as competencias educativas en políticas públicas, tanto no sector público como en organizacións non gobernamentais.
- Formar para deseñar e planificar as políticas públicas.
- Capacitar para liderar a súa execución.
- Instruír para realizar o control e a análise das políticas.
- Unha vez rematado o Mestrado, pódese acceder ao doutoramento

Cales son os seus contidos?

- **Formación básica** (1.º cuatrimestre)

<i>Marco xurídico</i>	<i>Institucións e políticas europeas</i>
<i>Financiamento</i>	<i>Orzamentos e control da xestión</i>
<i>E-administración</i>	<i>Calidade e Xestión Pública</i>
<i>Contabilidade pública</i>	<i>Avaliación de proxectos</i>
- **Especialidade:** no segundo cuatrimestre elixírase unha destas dúas especialidades:

- a. Especialidade de Economía, Políticas Urbanas e Territoriais

<i>Xestión ambiental</i>	<i>Economía de Galicia</i>
<i>Políticas de emprego</i>	<i>Desenvolvemento rexional</i>
<i>Dotación capital produtivo</i>	<i>Facenda Pública</i>
<i>Técnicas estatísticas</i>	<i>Dirección estratéxica</i>
- b. Especialidade de políticas sociais

<i>Políticas educativas</i>	<i>Políticas contra a pobreza</i>
<i>Políticas de sanidade</i>	<i>3.ª idade e dependencia</i>
<i>Xénero</i>	<i>Novos instrumentos xestión</i>
<i>Políticas de vivenda</i>	<i>Marketing público</i>

• Prácticas

• Traballo de fin de Mestrado (TFM)

Como se organizan as prácticas?

Actualmente, existen convenios vixentes con institucións e organismos públicos e con empresas privadas. Boa parte das prácticas realízanse na Deputación da Coruña. Outras realízanse noutras administracións e en empresas privadas. Pódense validar por experiencia profesional acreditada.

Cales son as saídas profesionais?

Administracións públicas e organizacións que promovan ou avalíen políticas públicas, consultorías que traballen para a Administración e organismos de investigación.

Mestrado Oficial en Banca e Finanzas (MBF)

Obxectivos

O Mestrado Oficial en Banca e Finanzas é un completo programa que persegue proporcionar unha formación financeira avanzada e actual.

Os alumnos adquirirán amplos coñecementos sobre o sistema financeiro, mercados de capital, instrumentos financeiros e funcionamento de entidades bancarias. Así mesmo, coñecerán diversas ferramentas matemáticas e informáticas que lles permitirán desempeñar múltiples tarefas relacionadas coas finanzas de mercado e empresariais.

A quen vai dirixido

O Mestrado vai dirixido ao estudantado egresado de titulacións de contido económico e empresarial, a profesionais que busquen actualizar ou ampliar os seus coñecementos e a titulados/as en Dereito, Matemáticas, Enxeñarías, Xornalismo ou calquera outra titulación con demanda no sector da banca e as finanzas.

Contidos

O Mestrado intégrase en 60 créditos ECTS repartidos entre as seguintes materias:

- ✓ Sistema financeiro
- ✓ Mercados financeiros
- ✓ Macroeconomía
- ✓ Banca
- ✓ Mercadotecnia financeira
- ✓ Dereito da intermediación financeira
- ✓ Técnicas estatístico-económicas aplicadas
- ✓ Valoración financeira

- ✓ Valoración de activos financeiros
- ✓ Instrumentos financeiros derivados
- ✓ Análise e xestión de riscos
- ✓ Contabilidade de entidades e instrumentos financeiros
- ✓ Fiscalidade de operacións e instrumentos financeiros
- ✓ Sistemas de información
- ✓ Prácticas en empresa
- ✓ Traballo de fin de Mestrado (TFM)

Prácticas en empresas

Unha parte importante do Mestrado son as prácticas en empresas e entidades financeiras orientadas a ofrecer aos participantes unha formación complementaria á estrita actividade lectiva.

Os convenios subscritos con empresas e institucións financeiras permítenlle ao alumnado realizar prácticas tuteladas en que ten a oportunidade de aplicar parte dos coñecementos adquiridos no Mestrado, á vez que se adestra para acceder con garantías de éxito ao mercado laboral.

Saídas profesionais

Algúns dos perfís profesionais a que se orienta a formación proporcionada por este Mestrado son:

- ✓ Analista financeiro
- ✓ Xestor de patrimonios
- ✓ Asesor de investimentos
- ✓ Operador intermediario
- ✓ Executivo de banca
- ✓ Director financeiro

Mestrado en Dirección e Admin. de Empresa (MBA)

A quen vai dirixido?

O/a estudante do Mestrado en Dirección e Administración de Empresas (MBA) será preferentemente graduado en Administración de Empresas, Ciencias Empresariais ou Economía. Así mesmo, está orientado a calquera titulado universitario que pretenda desenvolver a súa actividade profesional no mundo da xestión de empresas.

Que obxectivos persegue?

O MBA ten como obxectivo desenvolver nos estudantes un conxunto de competencias básicas a partir das que se detallan competencias xerais e específicas:

- Posuír e comprender os coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiri-

dos e a súa capacidade de resolución de problemas a contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo

- Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
- Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e as razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

CONTIDOS	1.º CUADRIMESTRE	2.º CUADRIMESTRE
Análise do contorno	3 ECTS	-
Dereito de empresa	3 ECTS	-
Dirección de marketing	6 ECTS	-
Dirección financeira	6 ECTS	-
Dirección xeral	6 ECTS	-
Talleres de directivos	3 ECTS	3 ECTS
Xogo de empresa	3 ECTS	3 ECTS
Dirección de recursos humanos	-	3 ECTS
Xestión da empresa familiar	-	3 ECTS
Sistemas de información. Xestión das TIC	-	6 ECTS
Prácticas en empresas	-	6 ECTS
Traballo fin de mestrado	-	6 ECTS
Total ECTS	30 ECTS	30 ECTS

Prácticas en empresas

Unha parte importante do MBA son as prácticas en empresas que permiten ofrecer ao alumnado unha formación complementaria á actividade lectiva. Neste sentido, estableceranse convenios coa finalidade de que todos os estudantes poidan realizar unha estadía dun mes (6 ECTS) para lles dar a oportunidade de pór en práctica os coñecementos adquiridos. Co obxectivo de que a estadía acade os mellores resultados, as prácticas serán titorizadas por profesores do mestrado. Estes manteranse en contacto cos responsables da empresa de acollida.

As prácticas poderán realizarse en paralelo e en horario compatible coa asistencia ao mestrado. Deberán ter sempre carácter formativo e non deberan supor a cobertura de ningún posto de traballo da empresa que oferta a práctica. Para realizar a práctica será necesario subscribir o correspondente convenio de cooperación educativo, segundo o modelo da UDC.

Nestes momentos atópanse moi avanzados os preacordos para realizar as prácticas coa Regasificadora do Noroeste, SA e coas empresas pertencentes á Asociación Galega da Empresa Familiar. Alén disto, a Facultade de Economía e Empresa conta con convenios xa asinados con 124 empresas para realizar as prácticas.

Metodoloxía do Caso e talleres de directivos

Consonte ao exposto anteriormente, o MBA ten como unha das súas metodoloxías centrais a do caso. Como complemento, impartiranse os talleres de directivos, onde os estudantes discutirán cos directores dos casos a situación, as decisións recomendadas e os resultados acadados. Nestes talleres directivos das empresas colaboradoras co MBA comentarán as diferentes problemáticas e situacións que teñen que afrontar dentro da súa actividade cotiá.

Cales son as saídas profesionais?

Un dos alicerces fundamentais do MBA consiste na colaboración constante con empresas, institucións empresariais e directivos profesionais. A formación está totalmente dirixida á práctica e proba diso é a metodoloxía docente aplicada baseada en formadores profesionais responsables de dirixir os casos propostos aos alumnos. O obxectivo básico é que o MBA chegue a ser un paso intermedio entre a formación académica e a empresa. Para isto, téntanse establecer as vías de colaboración que posibiliten tanto o acceso ao mercado laboral, como o cambio de dirección no devandito mercado.

Por tanto, os titulados do MBA estarán capacitados para ocupar postos directivos en empresas e organizacións na xestión das distintas áreas funcionais, así como para desenvolver iniciativas na creación de empresas.

Mestrado Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas

A quen vai dirixido

Graduados en Administración de Empresas, en Ciencias Empresariais ou en Economía; licenciados en Administración de Empresas, en Ciencias Empresariais, en Ciencias Económicas ou en Economía; diplomados en Ciencias Empresariais; outros titulados en Ciencias Sociais interesados en adquirir coñecementos especializados en Contabilidade e Auditoría de Contas.

Límite máximo de admisión: 30 prazas

Contidos

Plan de estudos:

Primeiro cuatrimestre (30 ECTS)

1. FUNDAMENTOS DE AUDITORÍA	6 ECTS
2. PROCEDEMENTOS DE AUDITORÍA	6 ECTS
3. INFORMES DE AUDITORÍA	6 ECTS
4. CONTABILIDADE SUPERIOR I	6 ECTS
5. NORMAS INTERNACIONAIS DE INFORMACIÓN FINANCEIRA	3 ECTS
6. PRÁCTICAS EN EMPRESAS	3 ECTS

Cada crédito ECTS equivale a 8 horas de clase presencial.

- Prácticas en empresas

As prácticas en empresas ou despachos profesionais son obrigatorias e representan 6 créditos ECTS equivalentes a 100 horas de formación.

- Saídas profesionais

Obxectivos

Acadar a formación necesaria para o desempeño de actividades profesionais por conta propia ou allea na área da Contabilidade e da Auditoría de Contas. O plan de estudos comprende as materias referidas na Resolución do 12 de xuño de 2012 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC), para os efectos da súa validación como primeira fase das probas de acceso á inscrición no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) e ao pleno exercicio da profesión regulada de auditor de contas.

Segundo cuatrimestre (30 ECTS)

7. CONTABILIDADE SECTORIAL	6 ECTS
8. CONTABILIDADE SUPERIOR II	6 ECTS
9. TECNOLOXÍAS DE COMUNICACIÓN E SIST. INF. PARA A CONTABILIDADE E A AUDITORÍA	6 ECTS
10. SEMINARIOS DE ACTUALIZACIÓN CONTABLE	3 ECTS
11. PRÁCTICAS EN EMPRESAS	3 ECTS
12. TRABAJO FIN DE MESTRADO	6 ECTS

No sector privado: auditor de contas. Auditor interno. Responsable da contabilidade de empresas de todos os sectores de actividade. Controller. Director financeiro de entidades non lucrativas.

No sector público: interventor-auditor de contas do Estado ou de Comunidade Autónoma; inspector de facenda, inspector do Banco de España. Interventor da Administración local. Doutoramento en Contabilidade e Auditoría de Contas.

BITCOIN, Solución ao descontrol financeiro ou unha disparatada idea

A miúdo preguntome se as avaliacións de datos macroeconómicos que fixeron os outros países cos que negociamos posúen algún grao de subxectividade como os datos publicados polo noso país, España.

Con esta reflexión intento entender como pode influir a manipulación de datos en diferentes países no momento do investimento, tanto na economía real como na financeira. Cunha visión de desconfianza nos organismos nacionais e supranacionais, e o seu xogo de gañar - gañar que nunca funciona, xórdeme a dúbida sobre o que acontecería se as paridades cambiarias das moedas fosen establecidas por un poder financeiro descentralizado, que se rexe só pola lei da oferta e da demanda, como podería ser Bitcoin. Hai outras moedas virtuais, dólar de liberdade, e-gold, moedas GoldMoney ou Amazon, que ou non gozaron de éxito ou non están controladas por unha entidade central, como as moedas que todos coñecemos.

Bitcoin ten os seus defectos para a economía, pero temos

unha moeda que non pode ser falsificada e, por suposto, unha tecnoloxía que verifica cada transferencia para que non poida ser usada dúas veces, pero non sendo transferencias supervisadas, non saberemos se se están facendo cunha moeda legal ou ilegal, ou se se trata de evasión fiscal, ou lavado de diñeiro. Outro problema que debemos considerar é que esta é unha moeda escasa, está planificado que o seu número non pode acadar os 21 millóns de Bitcoins, o que producirá deflación, poderanse comprar máis bens e servizos coa mesma cantidade de diñeiro. A consecuencia da deflación é que o consumo non se incentiva, as persoas van querer aumentar o valor do seu investimento en Bitcoin e gardar as moedas, o que fará que a economía se contraia. Os cidadáns recuperarían o control sobre o seu diñeiro, pero canto han tardar as institucións financeiras en reclamar ante os gobernos para non perder a súa fonte de ingresos?

Javier Cordal Lagares
Estudiante

O Tempo é vida

Ao profesor José Luis Sampedro, in memoriam.

Quixo o caprichoso destino que se apagara a luz dun metaeconomista referente internacional, don **José Luis Sampedro, escritor, pensador, profesor, guía de xeracións, en definitiva un humanista imprescindible, que traballou cunha visión coherente e comprometida eticamente, co coñecemento e coa realidade.**

Entendeu a economía como unha ciencia en que o protagonismo estaba no principal axente económico, o ser humano, tan esquecido no convulso momento que estamos a vivir. E desde a perspectiva da docencia en economía, defendeu que tiñan que estar presentes tres trazos distintivos: o espírito crítico, a visión ampla e a paixón polo ser humano... para formar as persoas que estaban en fronte, de xeito que se tratase de evitar que estivesen enfrontadas.

Decía que el escollera ser economista para facer menos pobres os pobres, nunha sociedade en que os economistas só entendían o seu labor para facer máis ricos os ricos. Consideraba unha sociedade en que a indignación e o non conformismo tiñan que servir para acadar a liberdade de dereitos; nun tempo que recollía o valor máximo de todo o que o ser humano ten: o tempo é vida. Defendeu a vida como único ben supremo, traizoado por un mundo en que os seres humanos nos preocupamos en exclusiva por ser produtores e consumidores, e non por ser realmente libres. E desa vida, da que ao final só somos protagonistas, pero non autores; unha vida que presenta momentos como o actual de profunda crise global, que teñen que servir para saber quen somos, despois a onde imos, para logo empezar a pisar firme para avanzar.

Cando se xubilou, sinalou que durante a súa andadura universitaria intentou ser un servidor de cara á vida, seguindo unha premisa que escoitara cando era mozo a Sir William Beveridge, e que o deixara profundamente marcado: "Life is serving, not enjoying". Unha mostra máis da súa xenerosa intelixencia comprometida, porque como el dicía "sempre se pode cando se quere".

*Rosa María Regueiro Ferreira
Departamento Economía Aplicada II*



Teoría de Xogos e Política Fiscal



Unha das teorías máis estudadas nesta facultade é a Teoría de Xogos, moi útil para explicar o acontecido na política fiscal da UE nos últimos anos. Está pendente unha harmonización fiscal que evite os actuais incentivos indesexables, algúns dos cales se explican mediante a Teoría de Xogos, e tendo en conta a asimétrica globalización dos factores produtivos (alta en capital vs. baixa no traballo); detrás de tal asimetría están as decisións dos países de utilizar rebaixas fiscais para atraer

investimentos. Calquera país que vexa que os demais están atraendo capital coa política fiscal, se verá incentivado a facer o mesmo para evitar perder atractivo como destino investidor. Se un país baixa o seu IS, a recadación variará dependendo da sensibilidade do investimento aos cambios fiscais. Ante iso, se outro país non fai nada é probable que perda atractivo, ou incluso que as empresas abandonen ese país por motivos fiscais.

Non reaccionar parece unha mala solución, polo que os incentivos para introducir agasallos fiscais son amplos, pero se todos os países os utilizan, remataría por se acadar un equilibrio no cal a repartición do investimento entre os países sería a mesma, pero os ingresos dos estados serían menores pola converxencia fiscal competitiva acadada. Como consecuencia, os estados verían desequilibradas as súas contas e terían que facer axustes para acadar maiores ingresos (esforzo que

sería sufrido polo factor con peor mobilidade, o traballo) ou menores gastos (que suporía a diminución de investimento en infraestruturas ou en educación, das que se benefician as empresas que elixiron investir no país pagando uns impostos mínimos). Estas últimas liñas van referidas ás grandes multinacionais; as pemes non poden facer o mesmo e vense afogadas fiscalmente establecéndose unha inxusta dualidade.

*moi útil para explicar o
acontecido na política fiscal
da UE nos últimos anos*

Se un día vos aburrides, podeades botar un ollo aos informes Taxation Trends publicados pola Comisión Europea, en que se pode apreciar tal sangrante converxencia fiscal competitiva entre países da UE.

*Fernando Rey Castro
Estudante de 5.º de ADE*

Técnicas e Manobras de Atención ao Accidentado

Hai un mes aproximadamente que nas aulas do CUFIE se desenvolveu o curso de formación do profesorado co título “Técnicas e manobras da primeira asistencia ao accidentado”.

Os obxectivos do curso eran coñecer os primeiros auxilios e priorizar a intervención, entender o concepto de “cadea de supervivencia” e a súa importancia nas emerxencias, dominar as manobras de RCP básica en adultos, nenos, lactantes e embarazadas, coñecer o concepto de obstrución aérea e saber realizar a manobra de Heimlich, definir e entender un accidente e coñecer como afrontalo, coñecer a secuencia de intervención na valoración dun paciente

traumático, dominar as distintas técnicas de inmovilización e traslado dunha vítima, coñecer os tipos de hemorragias

coñecer os primeiros auxilios e priorizar a intervención

e saber como actuar, saber intervenir diante dunha perda temporal de consciencia, coñecer os síntomas das intoxicacións e os modelos de intervención, e intervenir ante un cadro convulsivo.

O curso, impartido por compañeiros da UDC, foi moi útil, tiña a súa correspondente parte práctica. Os profesores contaron o caso dunha nena doutro país que lle fixo a reanimación cardio-

pulmonar ao seu pai, salvándolle a vida, logo de que lle deran un curso de primeiros auxilios na escola.

Este tipo de cursos deberían impartirse tanto en ámbitos laborais como tamén formar parte das materias para impartir en idades temperás, sexa na educación primaria ou na educación secundaria, e deste modo favorecer un labor solidario desde cedo. En definitiva, é unha iniciativa moi boa que este curso forme parte do cronograma dos cursos ofertados polo CUFIE.

M.ª Carmen Sánchez Sellero
Departamento de Economía Aplicada II

A Educación Secundaria Obrigatoria en Galicia vista a través do Premio Extraordinario da ESO 2012

Neste artigo queremos mostrar o perfil do alumnado que optou ao premio, como máximo expoñente do ensino obrigatorio do sistema educativo galego.

Así, no curso 2011-2012 dos 21 700 alumnos que remataron 4.º da ESO, 349 alumnos (1,6% dos que remataron) con medias de sobresaliente foron convocados ao premio extraordinario, e concedéronse 20 galardóns (5,7% dos presentados).

A proba constaba de seis exames, en que estes estudantes obtiveron unha nota media global de 5,27, pero só 36 alumnos (11,1%) aprobaron todos os exames. Outro aspecto para salientarse é que as notas medias foron mellores nas linguas, mais suspenderon nas materias de ciencias, tales como Matemáticas, Ciencias Sociais, Física-Química e Bioloxía-Xeoloxía.

Outro feito destacable é que os homes obtiveron mellores resultados en todas as materias que as mulleres, aínda que foron menos os presentados (35,6%) remataron por acadar o 50% dos premios, o que permite concluír que os

rapaces sobresaen menos, pero os que o fan compiten tanto ou incluso mellor que as rapazas.

Ao analizar a variable localidade, pódese observar que a área de maior rendimento está no sur (Mos-Pontevedra-Vigo) e no interior de Galicia (Vilalba-Lugo). Sorprenden os baixos resultados da comarca de Ferrolterra.

349 alumnos con medias de sobresaliente foron convocados ao premio extraordinario

Os centros privados obteñen mellor resultado que os públicos, pero a diferenza non é moi significativa, o rendimento dos alumnos urbanos é superior ao dos rurais en todas as materias excepto en galego. Conxugando ambas as variables pódese afirmar que un alumno urbano de colexio privado ten máis probabilidades de obter un mellor resultado que un rural que curse nun colexio público. Por isto, é destacable que Vilalba, concello rural, obtivese dous premios extraordinarios estudando nun instituto público, os mesmos

que toda a comarca da Coruña, cuxas dúas gañadoras representaron a un colexio privado.

Outra conclusión relevante é que a proba da materia optativa tivo un grao de dificultade diferente, se procedemos a homoxeneizala, cambiaría a lista de gañadores nun 25%, e beneficiaría os alumnos que optaron por Física e Química.

Francisco Jesús Ferreiro Seoane
Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas. UDC

Marta Camino Santos
Xerente da consultora Quorum Económico



Redacta en Galego

A sección de lingua galega

Para animarvos a introducir o galego na vosa vida académica e seguindo as directrices do Servizo de Normalización Lingüística da UDC, na biblioteca da facultade decidimos seleccionar unha serie de recursos: gramáticas, dicionarios, glosarios, manuais de estilo... e crear unha sección, a 806G, onde poidades atopar todo o material que necesitedes para resolver dúbidas, consultar vocabulario ou profundar nos vosos coñecementos lingüísticos. A idea é que vos sirva de apoio e acicate para facer os traballos de clase e exames en galego, así como os vosos traballos de investigación. Sabemos que a moita xente lle gustaría redactar máis en galego, pero hai medo a non facelo ben, sobre todo no ámbito académico que é moito máis esixente. Ter unha boa colección de referencia é imprescindible para facer unha redacción de calidade.

O blog

Ademais do formato impreso, quixemos crear tamén a sección en formato dixital, dado que na actualidade a

maioría de nós consultamos este tipo de material a través de internet, o cal nos permite vantaxes evidentes, como a axilidade na consulta ou a introdución de novas ferramentas (correctores, conxugadores de verbos etc.). Para facer estes recursos máis visibles e facilitar a súa accesibilidade, a nosa compañeira Mónica Rey, tivo a iniciativa de facelo mediante un blog, cun excelente resultado:

redactaengalego.blogaliza.org

Agardamos que vos guste e vos sexa útil. Tamén nos gustaría recibir as vosas achegas para enriquecelo e melloralo.

O recurso destacado

Dentro dos recursos dispoñibles, un dos textos máis salientables para aprender ou mellorar o uso da lingua é o libro *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* do filólogo Carlos Callón, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística.

O seu éxito radica en que a súa lectura é moi amena, con anécdotas, exemplos e consellos para aprender a lingua e mesmo para saber como vencer os

prexuízos, que aínda existen. O autor lémbra-nos que a valoración da nosa cultura tamén se manifesta no coidado no uso do idioma. É un libro de grande utilidade para aprender ou mellorar o noso galego e que, sobre todo, anima á súa práctica para "conseguir un idioma máis forte, máis vivo, máis auténtico e con máis futuro". Recomendámolo.

Biblioteca da FEE



E ti, xa sabes o que son os cursos do SFR do PAT da FEE?

Desde o Plan de acción titorial da FEE tentamos **potenciar as competencias transversais** de alumnos coma ti e completar así a formación que recibes no centro. O Servizo de Formación e Recursos do PAT da FEE nace co obxectivo de crear, xestionar e ofrecer materiais e recursos formativos transversais para os alumnos. Tenta, desta forma, dar resposta ás distintas necesidades que poidan xurdir no eido do estudo e da inserción laboral dos seus estudantes.

Os puntos básicos desta formación transversal son:

- Pretende potenciar a corresponsabilidade do alumnado na súa formación humana e técnica.
- É impartida por docentes da FEE e profesionais (antigos alumnos da Facultade) de forma gratuíta.
- Estes docentes están a ofrecer a súa experiencia como complemento á túa formación académica.

- Será recoñecida en forma de diploma de asistencia.

- Cobre distintos eidos transversais:

- o Emprego de ferramentas informáticas a nivel 0.
- o Técnicas de elaboración de traballos científicos (elaboración e exposición oral)
- o Orientación socio-laboral: elaboración do currículo, pistas para preparar unha entrevista de traballo, práctica de entrevistas de traballo, pistas para "moverse" por Europa para traballar e estudar.
- o Coloquios con profesionais antigos alumnos da Facultade que comentan a súa experiencia formativa e laboral sobre: emprendedorismo, banca e auditoría.
- o Laboratorio de ideas e de pensamento económico: "Buscando respostas".

Ao longo destes dous cursos académicos foron máis de 300 alumnos da Facultade os que participastes activamente nos cursos.

Desde o SFR queremos darche as grazas por axudar a que esta iniciativa siga viva e mellorando.

Lembra que sen a colaboración de todos, entre os que estamos docentes, estudantes e profesionais, esta proposta non tería saído adiante.

Apuntaraste o curso que vén? Contámonos contigo!

Un saúdo desde o Equipo de Formación e Recursos do PAT.

Fernando de Llano
Plan de Acción Titorial (PAT)

As Prácticas Externas

As prácticas externas constitúen unha actividade formativa dirixida a fomentar a formación integral dos estudantes, que os achega á realidade profesional futura. O obxectivo destas é permitir aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a incorporación ao mercado de traballo e fomenten a capacidade de emprendemento e a relación co seu contorno social. As prácticas realízanse ao amparo de convenios de colaboración subscritos entre as empresas e a Universidade da Coruña, e terán sempre un carácter formativo.

As prácticas académicas teñen dúas modalidades, **curriculares** e **extracurriculares**. As primeiras integran o plan de estudos correspondente en forma de materia, mentres que as segundas son prácticas que serán recollidas como Suplemento Europeo ao Título. As prácticas curriculares contan cun número de créditos concreto dependendo do plan de estudos de que se trate. Nas nosas titulacións, as prácticas

externas no Grao en Empresariais son materias de 12 créditos, mentres que nos graos en Economía e ADE se configuran como unha materia de 18 créditos. A equivalencia vixente é de 6 créditos por cada 100 horas de prácticas realizadas.



Existen diferenzas entre os requisitos que teñen que cumprir os estudantes para poder acceder á realización das prácticas en función de que estas sexan curriculares ou extracurriculares. Para poder realizar prácticas curriculares é preciso ter superado o 75% dos créditos da titulación, segundo establecen os respectivos plans de estudos e estar matriculado na materia “prácticas externas” da titulación correspondente.

Para realizar prácticas extracurriculares abunda con ter superado un 50% dos créditos das ditas titulacións. A maiores destes requisitos poden pedirse outros, solicitados polas empresas, que se farán explícitos nas respectivas convocatorias publicadas polo centro.

As prácticas externas constitúen unha das actividades que se están a potenciar nesta Facultade, dada a súa relevancia de cara a fomentar a formación integral dos estudantes. Este interese queda reflectido nos máis de 100 estudantes que fixeron prácticas no curso pasado, e os 160 que realizaron, ou están realizando prácticas, no curso actual. Así mesmo, para a Facultade é unha satisfacción poder contar cunha importante bolsa de empresas que colaboran de xeito habitual acollendo os nosos estudantes, e que nos transmiten a súa satisfacción co labor e a actitude amosada por eles. Ao mesmo tempo, as súas suxestións tamén nos permitirán mellorar e actualizar os programas formativos das distintas titulacións.

Berta Rivera
Vicedecana

Fórmulas de Implantación no Mercado Indio

A primeira decisión que debe adoptar unha empresa española para entrar en India é se facelo por medio dunha Entidade Non Incorporada (ENI) ou dunha Entidade Incorporada (EI).

En termos xerais, a entrada como **ENI** precisará exclusivamente da aprobación da *Reserve Bank of India*. As tres fórmulas básicas de entrada como ENI son a *Liaison Office* (Oficina de Representación), a *Project Office* (Oficina de Proxecto) e a *Branch Office* (Sucursal).

Unha *Liaison Office* é ideal para compañías que só busquen unha primeira toma de contacto co mercado indio e futuras alianzas, pois os trámites de entrada e saída son moi simples e, en principio, non se tributa en India. Porén, non pode realizar ningunha actividade comercial, de xeito que só pode dedicarse a actividades de enlace, como un canal de comunica-

ción entre a matriz no estranxeiro e os potenciais clientes na India.

Polo contrario, unha *Branch Office* permite realizar operacións comerciais, vender directamente e en propio nome en India, máis aló da mera observación. Revela unha vocación de permanencia a longo prazo, pero a obtención de rendas obrigará a tributar alí e a repatriación de beneficios pode complícase (problemas de dobre tributación).

Unha *Project Office* representa os intereses da matriz no proceso de execución dun proxecto concreto, mais non é posible realizar actividades comerciais fóra do marco dese proxecto.

As dúas fórmulas básicas de entrada constituíndo unha EI son a *Joint Venture (JV)* – Acordos con socios locais e a *Wholly Owned Subsidiary (WOS)* – Filial 100%. Unha vez que o proceso de

constitución rematou, unha EI ten o mesmo tratamento regulador e fiscal que unha entidade con capital enteira-mente local.

Nalgúns sectores produtivos limitados ao investimento estranxeiro a **JV** é o único xeito de entrar en India. Resulta clave a elección do socio local pois deberá coñecer ben o mercado indio, facilitar o acceso a infraestruturas básicas e rede de distribución.

Na **WOS** o 100% do capital é da matriz estranxeira, o que supón pleno control sobre as decisións estratégicas e independencia para decidir o nivel de investimento e o destino dos beneficios. Non obstante, moitas veces as formas directivas e de xestión válidas noutro país non son as máis adecuadas na India.

Simón Beceiro
Antigo alumno da FEE

Pon “português” no teu CV

Hai anos fun seleccionado para participar na última rolda dun proceso de selección de persoal do European Investment Bank, EIB, institución financeira da Unión Europea con sede en Luxemburgo. Adiántovos o final –non houbo sorte- porque non é diso do que vos quero falar.

Non currículo en inglés que lles enviara dicía que as miñas linguas maternas son portugués e español. *“Non vou quitar unha liña do currículo porque no EIB non saiban o que é o galego”,* pensei... Cal sería a miña sorpresa cando unha parte da entrevista persoal versou sobre o tema: *“En Luxemburgo o portugués non é idioma oficial, pero hai anos houbo moita inmigración de países de fala portuguesa e é un idioma moi falado. Algún dos teus pais é portugués?”* –preguntaron. Viñéronme á cabeza as típicas e inútiles discusións sobre se galego e portugués son ou non a mesma lingua, sempre cargadas de tinturas políticos. Explíqueilles aos entrevistadores o contexto histórico, as pequenas diferenzas na escrita que permiten a recíproca comprensión, e as maiores diferenzas de *sotaque* na fala entre galego, portugués e brasileiro.

Entón, para a miña sorpresa, explicáronme que entendían a situación perfectamente porque alí pasa algo semellante entre luxemburgués e alemán. Luxemburgo é un país trilingüe onde os rapaces rematan o ensino obrigatorio con competencia perfecta en 4 linguas.

Non sería difícil trasladar o modelo aquí: os nenos de primaria comezan con varios anos de inmersión lingüística no idioma propio do país, o luxemburgués (o galego), porque é *“o idioma do corazón”*. O ensino da norma internacional do luxemburgués, o alemán (portugués) así como o francés (español) xa están presentes no ensino desde moi cedo, incluída inmersión lingüística en alemán (portugués) do final da primaria aos primeiros cursos da secundaria. Progresivamente vanse introducindo o francés (español) e o inglés, rematando con varios cursos de inmersión lingüística en francés (español). Deste xeito, os alumnos rematan os seus estudos perfectamente competentes en, polo menos, 4 linguas, as 3 oficiais e mais o inglés.

superar as deficiencias do noso sistema de ensino obtendo unha acreditación oficial en portugués

Aquí non só os nosos incompetentes gobernantes levan décadas ignorando a facilidade coa que os galegos poderíamos adquirir perfecta competencia en portugués admitindo o seu ensino obrigatorio, incluso a través da propia materia de galego, senón que parecen ter máis consideración por quen prefere seguir o camiño da ignorancia e incompetencia lingüística para vivir en Galicia como se isto fose Murcia. Bilingües, disque se chaman.

Tempo despois da miña experiencia en Luxemburgo decidín que era tempo de superar as deficiencias do noso sistema de ensino obtendo unha acreditación oficial en portugués. A empresa onde traballaba, BBVA, viña de incrementar daquela a súa rede en Portugal, polo que decidiu engadir o portugués aos cursos de idiomas que ofrecía a empregados. Requisito previo era facer unha proba de nivel para ver en cal dos 3



cursos de portugués podía entrar. Feita a proba oral e escrita recibín a chamada do profesor para darme o resultado da proba: *“tienes un nivel superior a los que ofrece la empresa, no te puedo poner en clase con nadie”*.

Dúas conclusións.

Primeira, non somos uns bichos raros. Europa está chea de casos semellantes, conflitos que mudaron fronteiras non só políticas mais tamén lingüísticas, e alí onde a política non contamina o ambiente, un código aceptado por todos é que dúas linguas que non son idénticas pero si moi próximas poden considerarse unha mesma lingua para efectos prácticos se permiten que dous falantes se comuniquen entre si, cada un no seu rexistro. Así, quen non queira ver o galego como a mesma lingua que o portugués, o que non pode negar é que saber galego é tan válido internacionalmente como saber portugués.

Segunda, proba diso é que agora que as multinacionais españolas queren investir en Portugal ou Brasil, e precisan directivos españois que falen portugués, pagarían por ter un nivel de portugués similar ao que ten un galego que nunca estudou portugués. E ti que falas galego non o vas acreditar no teu CV? Non digo que che vaia garantir un posto de traballo, pero nun mundo tan competitivo como este pode marcar a diferenza nun proceso de selección.

David Peón
Departamento de Economía
Financiera e Contabilidade

